

ACTA N° 01/2013

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2013.

ORDE DO DIA

ÚNICO: Moción da Plataforma pola defensa da ría de Vigo, CIES sobre o expediente para a instalación do parque eólico Pedras Negras no Morrazo promovido por ENEL GREEN POWER.

Asistentes:

Señores asistentes:

Sr. Alcalde, D. José Ferverza Costas

Señores Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. José Freire Cancelas

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. María del Carmen Maya Santomé

Dna. Rosa Solla Veiga

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Odilo Barreiro Martínez

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 10 de xaneiro de 2013, sendo as 20:05 horas, reúnen os señores reseñados baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistidos do Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar o Pleno Extraordinario convocado, con arreglo ao presente orde do día.

ÚNICO: MOCIÓN DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA DE VIGO, CIES SOBRE O EXPEDIENTE PARA A INSTALACIÓN DO PARQUE EÓLICO PEDRAS NEGRAS NO MORRAZO PROMOVIDO POR ENEL GREEN POWER.

O Sr. Alcalde sinala que comeza o Pleno co único asunto incluído na orde do día. A moción presentada pola pola defensa da ría de Vigo, CIES, sobre o expediente para a instalación do parque eólico Pedras Negras. Hai varias solicitudes de palabra presentadas. O técnico, Juan Fernández explicará o proxecto conxuntamente cas diapositivas que serán proxectadas. Posteriormente,

Sergio Regueirá lerá a moción e finalmente intervirán os Voceiros dos Grupos e persoas que solicitaron o uso de palabra.

O Sr. Fernández afirma que se van a proxectar bastantes diapositivas. Ás persoas que non contencan información pódesele facilitar as imaxes por correo electrónico se o solicitan. A reserva dese espazo ven da época de Fraga, o plan eólico. Houbo revisións do plan. No Morrazo pasou de cinco a cincuenta megavatios no 2010. Presentan un proxecto de dezaseis muíños a instalar nunha zona de reserva arqueolóxica. Quedaron en catorce, con posibles alternativas. Presentan dezaioito alternativas, pero solo pintado en plano. (O Sr. Fernández explica a lonxitude e metros do proxecto recollidos no plano da diapositiva). Houbo un primeiro reparto eólico, adxudicáronse miles de megavatios. Nós solo estudamos a zona do Morrazo. Supón unha multiafección, nada positivo para a comarca. As Rías Baixas non é o lugar idóneo para estes parques, co turismo e o respecto pola natureza. De instalarse a paisaxe resultante quedaría cun espazo industrial dominante. Agora pódese ollar outro plano co parque eólico do Morrazo, case todos os lugares afectados. A cantidade de vivendas afectadas non se poden ollar no plano. Son cifras moi abstractas, difíciles de imaxinar. No plan sectorial teñen que xustificar o cumprimento da normativa e piden que se adapte a normativa local, como solo rústico ordinario cando no concello figura como solo rústica de especial protección. O primeiro paso xa o dan en falso. Falamos de dezaioito kilómetros de viais nos catorce muíños. Hai unha subestación eléctrica, dúas torres meteorolóxicas e dous espazos de acopio. Tamén hai un plano redibuxado onde queda patente a afección ao río. non debuxan parte do río para evitar o problema do cruce do río. Tamén están os planos do proxecto de execución. O que se ve na diapositiva é a escala. Planos que están sen escala gráfica. As liñas non se entenden. Tampouco hai rereferencias das seccións en pranta. Os planos persentan moitos atrancos. Din que non impactan no medio porque a información que aportan é moi deficiente. Planos se acotar. Nas prantas tampouco hai cotas de altitude, non se sabe se a vía sube ou baixa. É unha omisión de información nos planos. O plano do estado actual debería acompañar ao plano de actuación. (O Sr. Fernández explica os criterios de deseño dos planos). Importante saber que solo hai un plano ca actuación completa. Non se ve a información dos planos pero si da guía de planos, aínda que sen correspondencia. Dividimos os planos en catro partes. O deseño da vía ten moita pendente. Para a colocación dos muíños solo miran a maior cota de altitude. Terían que cortar tremendos desmontes. Os recheos deben de ser de pedra. Rompen e aterran monte, extirpando as puntas máis altas. Son planos mudos. (O Sr. Fernández explica un esquema da plataforma ca cimentación do muíño). A grúa que montarán precisará de un brazo de cento trinta metros de altura. Pode verse a sección lonxitudinal dos recheos. É unha agresión bestial. Ca subestación non presentan o estado actual ou a ubicación na parcela. Non sabemos onde se sitúa. Finalmente hai unha anotación sobre o impacto. O ruído que produce este muíño, a emisión en orixe é de cento seis decibelios, corenta a trescentos metros de distancia. En todo caso, a referencia é abstracta. A memoria fala de ruído insignificante. O ruído ven das aspas e da maquinaria interna do muíño. A mosan as vías e estruturas como adaptadas ao terreo cando non é igual. Caso da plataforma. No muíño catorce toda a vía vai por debaixo da cota do terreo. Non debuxan o impacto da vía no medio. (O Sr. Fernández explica a fauna da zona). É unha fauna extensa. A vexetación tamén é moi especial. As zonas rocosas quedarían destruzadas, o nacemento dos ríos. (O Sr. Fernández explica o que sería o impacto visual dos muíños na ría de Vigo. (Finalmente comenta os planos do proxecto, xerais, seccións lonxitudinais...). A información que aportan non vale para nada. Non están acotados os taúdes.

(Finalmente o Sr. Fernández explica as conclusións do impacto ambiental do documento e a xustificación que figura na memoria do ruído que emiten os aeróxeradores).

O Sr. Fernández remata dicindo que isto non é serio.
(Aplausos do público asistente).

O Sr. Regueira, Presidente da Plataforma, sinala que a moción formalizouse pola Plataforma pero ca anuencia dos seguintes colectivos e organizacións: Federación de Asociacións de Veciños A Chamusca, Xuntas de Montes de Man Común de Moaña, Meira, Domaio, Santome de Piñeiro, Plataforma Defensa dos Montes do Morrazo, Queremos Galego Marin, Loita Verde, Parapente Morrazo, A.V Porto, A. V. “O MONTEFARO”, BNG, PPdeG, PSdeG-PSOE, 15M Morrazo, Ben Común, Colectivo Meiramao, Amigos do Morrazo Verde e persoas a título persoal.

O Sr. Regueira da lectura ao texto da moción:

“MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE MOAÑA

Os colectivos e organizacións que se citan; Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo “CÍES”, Federación de Asociacións de Veciños A Chamusca, Xuntas de Montes de Man Común de Moaña, Meira, Domaio, Santome de Piñeiro, Plataforma Defensa dos Montes do Morrazo, Queremos Galego Marin, Loita Verde, Parapente Morrazo, A.V Porto, A. V. “O MONTEFARO”, BNG, PPdeG, PSdeG-PSOE, 15M Morrazo, Ben Común, Colectivo Meiramao, Amigos do Morrazo Verde e outras persoas a título persoal, EXPÓN

Como continuación do escrito de solicitude de Pleno Extraordinario presentado por rexistro de entrada do concello o día 7 de decembro e posterior reunión cos representantes dos distintos grupos políticos que conforman a corporación municipal, presentase o texto de Moción ao Pleno Extraordinario a celebrar o día 10 de xaneiro e que en todo caso está aberto a aportacións que se poidan consensuar.

PARQUE EÓLICO PEDRAS NEGRAS, UN NOVO ATAQUE AO ESPAZO NATURAL PROTEXIDO DOS MONTES DO MORRAZO E AS CONTORNAS DA RÍA DE VIGO E PONTEVEDRA

Os Montes do Morrazo son un espazo natural protexido, tal como consta nas Normas Subsidiarias de Planeamento da Provincia de Pontevedra e no Ordenamento Urbanístico do Concello de Moaña.

O 18 de decembro de 2012, saíu publicado no BOP nº 242 e o 7 de xaneiro de 2013 no DOG, nº 4, o anuncio de información pública, por tanto o comezo do prazo para a análise da documentación e presentación de alegacións á declaración de utilidade pública, á necesidade de urxente ocupación, á aprobación do proxecto de execución, ó proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da instalación eléctrica e ó estudio de impacto ambiental das instalacións do parque eólico Pedras Negras, promovido pola empresa Enel Green Power España S.L, que se pretende instalar nos montes do Morrazo en territorio dos concellos de Moaña, Marín e Vilaboa.

Os Montes do Morrazo ao que pertencen as áreas naturais afectadas por este proxecto no Monte Formigoso, Serra Domego, Chan de Gagán, Chan de Xestoso, Coto do Home, Chan de Carqueixa, Pedras Negras, (Serra Dos Candóns), Os Pedrouzos, Chan de Lagoa (que non Goa), Outeiro da Charamiza (Serra de Basil), etc están inscritos no Rexistro Xeral de Espazos Naturais de Galicia coa cualificación de Solo Rústico de Especial Protección de Espazos Naturais dos Montes do Morrazo, e así figuran nas Normas Subsidiarias e Complementarias Planeamento Provincial e no

Ordenamento Urbanístico do concello de Moaña. Segundo as cales, non se permiten as construcións nin os usos industriais.

Este proxecto para a instalación de 14 aerogeradores, instalacións proxectadas pola empresa Enel Green Power España S.L. de ámbito privado que ten ánimo de lucro, está inscrito nunha área moito maior, (Área de Reserva Eólica do Morrazo), polo tanto esta sería un primeiro chanzo de entrada no Morrazo.

Esta actuación entra en conflito coa prevalencia dos usos tradicionais dos montes Comúns en Man Común, dos que se levan centos de anos aproveitando recursos forestais, agro gandeiros, hídricos, micolóxicos, etc.

Unha actuación que ocasionaría danos irreversibles no patrimonio arqueolóxico, espazos de lecer, da paisaxe, do turismo de natureza, no deterioro xeral do medio natural que define a beleza dos Montes do Morrazo.

Danaría gravemente a área de lecer de Chan da Arquíña, aos afloramentos e bacías do río Miñouva, Río Libón, Río dos Ladróns, aos afluentes do Río Maior (rego do Portiño, rego de Bouzáns, rego da Vella, rego de Chan da Lagoa), aos regos das Maceiras e Neivó, aos mananciais das comunidades veciñais de usuarios de auga para usos domésticos de Calvar- Verdeal, San Lourenzo, a dos barrios da parroquia de San Adrián, de San Tomé de Piñeiro e San Xulián, que están situados na área onde se pretende as instalacións eólicas que proxecta construír Enel Green Power España S.L. e que van ser afectados polas excavacións, aterramentos, gávilas e pozos para o tendido eléctrico, construción de vías de comunicación para a montaxe dos aerogeradores, da subestación eléctrica que necesita explanacións de 90x50 metros, etc.

O mesmo sucederá no resto da contorna, das brañas de Corno Penada e de Monte Sobreira inscritas no Rexistro Xeral de Humedais de Galiza, o LIC da Enseada de San Simón de importancia ornitolóxica, humidal e mariña como Espazo Natural Protexido na Rede Natura a nivel europeo que se verían afectados paisaxística e ambientalmente pola repercusión propia sobre os Montes do Morrazo xa que estes actúan de corredor ecolóxico e conformador da cunca norte desta enseada e que provocarían unha inmediata erosión do solo e graves consecuencias sobre a flora e a fauna asociada?.

Suporía uns graves e irreversibles danos aos núcleos rurais de poboación que están a distancia inferior aos 1.000 metros (barrio de Verdeal, Calvar, San Lourenzo, Santradan, Ubeiras, Curra, Pousada, Nores, Pazos, Sobreira, Pastoriza e Miñán), ou aos que están a menos de 2.000 metros (barrio de Palmas, Costa, Carballido, Río Maior, O Muíño, Allariz, Miñán e A Troncosa) todos eles condenados a soportar un ruído constante emitido polas enormes pás dos aerogeradores en movemento.

Ante unha situación así cabe meditar que en calquera explotación do medio natural deben predominar os intereses económicos públicos sobre os privados e neste senso é preciso manter os recursos máis rendibles, os de índole social, aqueles que non se limitan unicamente a uns beneficios económicos inmediatos senón aos que acadan o benestar da sociedade que posúe os dereitos de propiedade, os que poñen en práctica a Economía Pública, a Economía do Benestar, por iso desde esta Plataforma reclamamos unha valoración acaída dos efectos destrutivos desta instalación eólica que, como xa dixemos, é unha instalación privada con ánimo de lucro e non

xustifica ambientalmente, economicamente nin socialmente a súa implantación nos montes do Morrazo.

Tanto no proxecto de execución, no plan sectorial, no estudo de impacto ambiental e de integración paisaxística que se poden consultar como información pública aos efectos de alegacións nos prazos establecidos, obsérvanse obxectivamente graves deficiencias técnicas, ocultación evidente de datos significativos e información claramente manipulada o que supón unha presunta infraccións das leis:

Lei de aproveitamento eólico de Galicia. 8/2009, de 22 de decembro de 2009.
Lei de protección ambiental de Galicia. Decreto 442/90 de 13 de setembro de 1990
Ley de avaliación ambiental. España. R. decreto 1/2008 de 11 de enero.

Por todo o manifestado SOLICITAMOS do pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Rexeitamento do Estudio ambiental.
- 2.- Rexeitamento do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.
- 3.- Rexeitamento da autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública das instalacións que comprenden o proxecto do parque eólico, Pedras Negras.
- 4.- Declara e aproba a incompatibilidade do proxecto do parque eólico Pedras Negra, coa prevalencia dos montes comunais, preservación dos valores naturais, paisaxísticos, xeolóxicos, arqueolóxicos, etnográficos, sociais e económicos do espazo natural dos Montes do Morrazo.
- 5.- Xestionar diante da Xunta de Galicia e órganos que corresponda; a eliminación da totalidade da área de Reserva Eólica dos Montes do Morrazo, por ser esta zona un pulmón verde de eliminación de CO₂ central dunha poboación superior aos cinco centos mil habitantes que habitan as contornas das rías de Vigo e Pontevedra.
- 6.- De acordo co contido do último apartado da parte expositiva; O Pleno desta Corporación municipal acorda intervir como coadxuvante ou baixo a fórmula xurídica equivalente, en calquera proceso xudicial que se puidera plantear polo movemento social por tratarse da defensa dun ben público e ter o Concello de Moaña interese lexítimo, activo e inmediato.”

Habería que engadir ao texto un punto sétimo: Que o Concello presente alegacións ao proxecto de instalación do Parque Eólico Pedras Negras, promovido pola empresa Enel Green Power España S.L, no cal será incluído o texto da presente moción. O canon eólico estase barallando a nivel estatal e as comunidades que o apliquen terían repercusión nos recibos dos veciños, pagando máis que o resto do Estado. (Aplausos).

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, afirma que é de xustiza comezar recoñecendo a labor de exposición do proxecto en Pleno e a capacidade de Sergio Regueira de representación destes colectivos. A Juan Fernández recoñecerlle a claridade ca que expón o impacto da instalación dos muíños e a evidencia da inmensa trampa feita na tramitación do proxecto para pasar filtros. A Administración busca artimañas para solventar os seus propios filtros. Lamentar que o equipo de goberno perda unha boa ocasión de buscar o consenso e se poida presentar unha alegación consensuada por todos os Grupos. Tamén hai que lamentar que ca cantidade de procedementos de

protección do monte se chegara a este proxecto. Algún responsable ten que haber para permitir estas tremendas obras. Aquí terá que explicalo. Impacto tremendamente negativo para o Morrazo. Con todo este consenso en contra, con toda esta oposición, non creo que se leve a cabo esa instalación. Hai que conseguir que desaparezan para o futuro. Hai que chegar á Xunta, ao Parlamento. Que en ámbito parlamentario se fagan as xestións oportunas. Temos aquí a nosa Deputada para denunciar onde sexa necesario. Temos fresco como se estragou o litoral para facer a autopista de Rande que condenou aos morracenses a pagar a autopista durante vintecinco anos. Un proxecto que solo serve para unha compañía co CIF en Cataluña.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, di que o BNG apoia a moción presentada e manifesta a súa oposición rotunda á tramitación do proxecto. A exposición foi suficientemente clara. Solo incidir en algúns puntos. O BNG, como ningún outro grupo progresista, non está en contra das enerxías alternativas. Si temos precaucións sobre o beneficio privado que ese estrae delas, de forma aberrante. Caso ilustrativo é a enerxía eólica. Fonte de beneficio privado que incluso se traslada fora do Estado. O BNG ve positiva estas enerxías limpas pero iso non quere dicir que non teñan impacto no medio natural, cun grao de degradación maior ou menor, que pode ser asumible ou non asumible. Neste caso concreto, os perxuízos para a comarca son moi superiores aos beneficios privados que xeran. O monte que afecta é un monte de tamaño moi reducido, máis ou menos conservado, constituíndose en pequenas illas. Non é o caso de todo o monte de Galicia, da península ou de Europa. No caso do Morrazo, instalar aquí muíños é unha aberración. Forma parte de un proxecto de urbanización iniciado hai doce ou quince anos. Proxectos como o da Vía Rápida ou como o de furar os montes con canteiras. Non estamos libres de poder ver canteiras como as de Porriño por riba das nosas cabezas ou un proxecto de polígono industrial no noso monte. A proposta de parque eólico é a guinda agresiva de utilización económica do monte. Nós non entendemos así o monte do Morrazo, comunal, dunha perspectiva ecolóxica. Haberá que valorar os intereses prevalentes. Para o BNG or riba do interese industrial está o uso tradicional, social do monte. Un uso racional podería impedir a súa degradación, repobrándose con especies axeitadas, con máis riqueza social da actual. Nesa liña debe ir. O beneficio non xustifica esa instalación. Pódense obter eses megavatios repotenciando outros parques. Non ten que vir ao Morrazo. Non nos vai facer máis ricos, preferimos seguir igual de pobres, vivindo e vendo o monte como foi sempre. Para rematar o BNG cree que o compromiso do Concello na oposición ao parque debe ser máis contundente, política e administrativamente. Un compromiso serio. Conto ca oposición dos alcaldes do Morrazo e pido que se engada a á moción os seguintes tres puntos:

"7.- Convocar, de acordo coas Comunidades de Montes e os colectivos sociais interesados e unha vez que eles o consideren oportuno, unha mobilización social encabezada pola corporación municipal para manifestar o rechazo do pobo de Moaña ao proxecto presentado.

8.- Instar á Alcaldía para que convoque unha reunión cos demais alcaldes/esas do Morrazo (Bueu, Cangas, Marín e Vilaboa) para exporlles a postura do Concello de Moaña e adquirir un compromiso de actuación conxunta para evitar a continuación do proxecto.

9.- Manifestar no trámite administrativo a total opción do Concello de Moaña a que continúe a tramitación do proxecto mediante informes técnicos, alegacións propias e dos veciños/as, e comprometermos a recorrer no seu momento na vía contencioso-administrativa os acordos da Xunta de Galicia, ata lograr a paralización completa do expediente. O Concello de Moaña, de acordo co sinalado no punto sexto, colaborará coos veciños e veciñas afectados, coas Comunidades de Montes e cos colectivos sociais interesados para a defensa xurídica dos seus dereitos e das alegacións presentadas."

O Sr. Millán finalmente di que se o así o estiman engadiríase á proposta dos colectivos.

A Sra. Varela, Voceira do PP, afirma que o PP expresa a repulsa ao proxecto e o apoio á moción. Os técnicos estudaron o proxecto e as anomalías que presenta. A normativa citada no proxecto non está vixente. O solo rústico onde se pretende a instalación é de especial protección. Dende este punto de vista xa non habería proxecto. Ademais o proxecto de execución é incompleto, a normativa errónea, non se designa director de obra nin coordinador de seguridade. Respecto da utilidade pública do proxecto, non se expoñen razóns suficientes obxectivas en beneficio dunha empresa privada. Non para aproveitamento público. No expediente non hai referencia a informes sectoriais. Afecta a valores arqueolóxicos e patrimoniais. Con impacto acústico e visual. Non hai referencia á servidume de protección. Presentamos alegacións en Xunta de Goberno porque o trámite era farragoso, con diferentes prazos. Ante a dúbida decidimos actuar de inmediato. O luns saíu o anuncio de exposición pública no DOG. Cabe presentar este mes unha alegación consensuada. Estamos a favor das enerxías renovables, pero non a calquer prezo. Se require un estudo ambiental. Os impactos aquí son principalmente negativos. Non cabe a súa aprobación. A nosa repulsa ao proxecto. Que se fagan as cousas como deben.

O Sr. Juan Santos, Presidente da Comunidade de Montes de Domaio afirma que fixeron assembleas informativas. Estamos en contra do proxecto. Presentamos alegacións no 2010-2011. A Comunidade de Montes de Domaio representa á Mancomunidade de Montes do Morrazo. Asumimos esa responsabilidade. A Mancomunidade actuou. Presentou no Concello varios escritos dirixidos aos Voceiros dos Grupos e á Alcaldía, pedindo un pleno para rexeitar o proxecto. A nosa assemblea foi o 13 de decembro. Seguiremos alegando e dando voz a colectivos e particulares. Que os partidos nos apoiem nisto. Destacar a importancia do monte como propiedade pública, de todos. Aprobouse unha lei este ano pasado cas aportacións das comunidades para que os montes veciñais e en man común non se desvirtúen. O monte é dos veciños. Que os políticos apoiem a moción e o discutan no Parlamento. O noso monte foi queimado no 2006 e a empresa empregou ese momento para amosar unha imaxe do monte como un deserto. Monte que agora está totalmente rexenerado. Un monte visitado para facer deporte, para coller castañas. Un pulmón. Miremos polas nosas cousas. A Mancomunidade está disposta a tirar para adiante ca aportación de todos. Chegan empresas de fora que nos veñen a explotar. Rande, campo de golf, e agora muíños. (Aplausos).

Dña. Ana Pastoriza Durán sinala que quere dar unha pincelada máis humana. Cando os veciños sentímonos ameazados na ratoeira saímos como leóns. O máis importante é a cohesión humana. Neste tempo de caídas das estruturas sociais toca estar unido. Hai friccións coma nas familias. O 9 de agosto houbo un punto e aparte. Empezamos a escribir un libro en branco, comezar a construír cara adiante. Hai necesidade de seguir dialogando entre os veciños. Facer valer a nosa opinión nas alegacións. Tamén falando cos rapaces e entre eles, nos institutos, para divulgar a información entre eles, é o seu futuro. Traemos un collage feito por rapaces, do que eles queren para o futuro (A Sra. Pastoriza amosa unha collage ante os asistentes). Un monte limpo. Teñen moito que dicir. (Seguidamente a Sra. Pastoriza lee un artigo de prensa) sobre o futuro de España. Espero que logo dos debates comecemos a falar de proxectos importantes para o noso monte, para o noso litoral. Solo se poderá facer unidos. Todos os desafíos son oportunidades. Adiante, todos xuntos. (Aplausos).

O Sr. Regueira afirma que Paco Ferreira non asistiu por un problema familiar. Dicir, en nome dos colectivos que non hai problema para engadir á moción os puntos propostos polo BNG. Na moción, se non se nomearon máis colectivos foi porque nós non podemos incluír outros colectivos sen coñecer antes a súa vontade ao respecto, aínda que sabemos do seu traballo. Non queremos escamotear a ninguén. Todos colaborando na medida que se poida.

A Sra. Pastoriza sinala falou con Paco e pediu que se tomasen medidas sancionadoras contra as empresas.

Dña. Concepción Trigo, da Plataforma, afirma que xa está todo dito. Subscribo o que dixeron Ana e Juan Santos. O monte forma parte da cultura, do país, da vida pasada, do presente e do futuro. Non se pode aproveitar o monte en beneficio dunha empresa con ánimo de lucro. Entendo que a moción se aprobará por unanimidade. Sabemos que se toman acordos por unanimidade que logo non se traducen en nada. Pediremos aos Grupos compromiso para opoñerse ao proxecto.

O Sr. Pastoriza afirma que non entendeu cómo chegou o proxecto a este trámite. Oíndo á Voceira do PP aínda menos, sen o apoio de ningún partido de Moaña e do Morrazo e solo en beneficio de unha empresa. ¿Quen asinou a concesión do proxecto?. Non me cadra. Procede que o Concello, os técnicos amosen as deficiencias. O que queremos é que non se tramite nada. No Parlamento de Galicia, que permitiu a tramitación. Traemos aos Deputados que temos para denunciar a situación. Non trouxestes as vosa Deputada, Alcalde. O PSOE vai falar alto e claro. Pídanlle a Feijóo que diga que este proxecto non se vai facer. Ten a oposición de todos os veciños.

A Sra. Pastoriza di que non é cuestión de acusar a ninguén. É cuestión de opoñerse a isto, igual que ca circunvalación. Que se faga a chamada.

D. Antonio Fernández Cordeiro, da asociación Anduriña, afirma que publicaron alegación no blog. Cincoenta páxinas. A nosa alegación da vinte voltas ao estudo de impacto ambiental. Sería interesante valorar que a protección dos montes, se hai acuiferos e manantiais hai que planificalo mellor sinalando as zonas de especial interese. Atopamos incluso unha pranta que se entendía extinta en Galicia. Montes de valor ambiental moi grande. Este monte debe de estar na Rede Natura. Catalogar as zonas importantes. (Aplausos).

Rematadas as intervencións sométese a votación a moción presentada pola Plataforma pola defensa da ría de Vigo, Cies sobre o expediente para a instalación do parque eólico Pedras Negras no Morrazo promovido por Enel Green Power, cos puntos engadidos a proposta do PP, aprobándose a moción, por unanimidade dos asistentes, cos seguintes acordos:

- 1.- Rexeitamento do Estudio ambiental.
- 2.- Rexeitamento do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.
- 3.- Rexeitamento da autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública das instalacións que comprenden o proxecto do parque eólico, Pedras Negras.
- 4.- Declara e aproba a incompatibilidade do proxecto do parque eólico Pedras Negra, coa prevalencia dos montes comunais, preservación dos valores naturais, paisaxísticos, xeolóxicos, arqueolóxicos, etnográficos, sociais e económicos do espazo natural dos Montes do Morrazo.
- 5.- Xestionar diante da Xunta de Galicia e órganos que corresponda; a eliminación da totalidade da área de Reserva Eólica dos Montes do Morrazo, por ser esta zona un pulmón verde de eliminación de co2 central dunha poboación superior aos cinco centos mil habitantes que habitan as contornas das rías de Vigo e Pontevedra.
- 6.- De acordo co contido do último apartado da parte expositiva; O Pleno desta Corporación municipal acorda intervir como coadxuvante ou baixo a formula xurídica equivalente, en calquera proceso xudicial que se puidera plantear polo movemento social por tratarse da defensa dun ben público e ter o Concello de Moaña interese lexítimo, activo e inmediato.”

7.- Convocar, de acordo coas Comunidades de Montes e os colectivos sociais interesados e unha vez que eles o consideren oportuno, unha mobilización social encabezada pola corporación municipal para manifestar o rechazo do pobo de Moaña ao proxecto presentado.

8.- Instar á Alcaldía para que convoque unha reunión cos demais alcaldes/esas do Morrazo (Bueu, Cangas, Marín e Vilaboa) para exporlles a postura do Concello de Moaña e adquirir un compromiso de actuación conxunta para evitar a continuación do proxecto.

9.- Manifestar no trámite administrativo a total opción do Concello de Moaña a que continúe a tramitación do proxecto mediante informes técnicos, alegacións propias e dos veciños/as, e comprometermos a recorrer no seu momento na vía contencioso-administrativa os acordos da Xunta de Galicia, ata lograr a paralización completa do expediente. O Concello de Moaña, de acordo co sinalado no punto sexto, colaborará coos veciños e veciñas afectados, coas Comunidades de Montes e cos colectivos sociais interesados para a defensa xurídica dos seus dereitos e das alegacións presentadas.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde acorda levantar a sesión do sendo as vinteúnha horas e corenta minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO